



PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL: UN EXEMPLO DE “GREENWASHING”

POR UNHA CULTURA GALEGA LIBRE DE PETRÓLEO

Repsol figura entre as principais compañías petroleiras mundiais e, polo tanto, entre as maiores responsábeis da crise climática global. Para tentar que o esquezamos e mellorar a súa imaxe recorre a patrocinios como o Premio de Narrativa Breve Repsol en galego. A nosa cultura non precisa do diñeiro do petróleo que está a quentar o planeta.



**Observatorio
Galego da Acción
Climática**

www.ogacli.org

PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL: UN EJEMPLO DE “GREENWASHING”

16 anos de lavado verde da maior industria enerxética fósil de Galicia

O Premio de Narrativa Breve Repsol en lingua galega convocou este 2022 a súa XVI edición. Foi creado en 2006 pola refinaría de petróleo que Repsol explota na Coruña e desde 2010 é organizado pola Fundación Repsol.

A dotación económica do premio ascende a 12.000 euros e inclúe a publicación da novela curta premiada por parte da Editorial Galaxia¹.



Presentación da XVI edición do Premio Narrativa Breve en lingua galega. Foto: Xunta.

A **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta** participa na convocatoria do premio. Ademais, conta co apoio da **Real Academia Galega** e da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega**, representadas no xurado. Neste tamén hai unha persoa representante da **Editorial Galaxia**.

A convocatoria deste premio literario é **a actividade de patrocinio máis visíbel impulsada por Repsol en Galicia**. A edición deste ano foi difundida a través de publicidade en medios na que aparecía a foto dun hórreo, certamente nada representativa da actividade de Repsol en Galicia e no mundo.

A refinaría da Coruña

É a maior industria enerxética do noso país. Procesa o 45% da enerxía primaria usada en Galicia (2020). Desde a súa inauguración en 1964 triplicou a súa capacidade.

A través do porto da Coruña, importa cru de petróleo, alén de produtos petrolíferos e biocombustibles. Estes últimos son importados e producidos na refinaría para mesturar co gasóleo e a gasolina de automoción.

A obtención de produtos petrolíferos nesta refinaría descendeu entre mediados da década de 2000 e a de 2010, recuperándose desde entón, aínda que en 2020 a COVID-19 fixo caer nun 26% a enerxía procesada na refinaría.

A contía do Premio de Narrativa Breve Repsol supón unha parte ínfima dos beneficios económicos obtidos por Repsol na súa refinaría galega, que se están a disparar no presente ano ². A cambio, a petroleira obtén considerábeis beneficios en termos de imaxe pública, dada a proxección social do premio e a colaboración nel de importantes entidades.

Non se pode negar que este premio de novela curta posibilitou a publicación e difusión de valiosas obras literarias na nosa lingua, impulsando a carreira de diversas escritoras e escritores. **Non cuestionamos a existencia do premio, pero si a súa promoción por parte dunha compañía ligada ao negocio dos combustíbeis fósiles.**

REPSOL é unha das grandes responsábeis da crise climática

Repsol figura **no grupo de 90 empresas que, conxuntamente e debido ás emisións asociadas á obtención e uso dos seus produtos, foron responsábeis de nada menos que o 63% das emisións mundiais de dióxido de carbono (CO₂) e metano (CH₄)** causadas polo uso de enerxía fósil e cemento acumuladas en 1751-2010. A Repsol fóronlle atribuídas 3,38 mil millóns de toneladas de gases de invernadoiro causantes de cambio climático (CO₂eq), o que representa o 0,23%³, ocupando a posición 45 entre as grandes emisoras. É unha achega que supera as emisións territoriais acumuladas desde a Revolución Industrial pola maioría dos estados do mundo.

Por suposto, **non hai outra compañía con instalacións produtivas en Galicia cuxa pegada negativa no clima global teña sido maior.**



A refinaría de Repsol en Galicia ocupa 150 hectáreas entre A Coruña e Arteixo. Foto: Repsol.

Non se dispón de datos sobre as emisións vinculadas ao uso dos produtos petrolíferos saídos da refinaría da Coruña pero, sen dúbida, son moi superiores ás emisións territoriais ligadas á súa actividade produtiva. Con todo, estas non deixan de ser elevadas e, de feito, **a refinaría de Repsol é un dos maiores focos emisores de gases de invernadoiro localizados en territorio galego.**

Segundo os datos da aplicación do Réxime europeo de Comercio de Dereitos de Emisión, a refinaría da Coruña emitiu **759.603 toneladas de gases causantes de cambio climático** durante **2021**. Isto converteuna na **2ª maior fábrica de cambio climático de Galicia**, situándose a pouca distancia da primeira, a central de ciclo combinado a gas fósil das Pontes (Endesa)⁴. As emisións da refinaría da Coruña **equivalen ás estimadas** polo Inventario estatal de Gases de Efecto Invernadoiro para o **transporte por estrada no ámbito rural de Galicia** (759.418 de toneladas en 2020).

Repsol gábase de “liderar a transición enerxética”. Porén, o seu compromiso climático está moi lonxe de se aliar coa limitación do quecemento global a 1,5 °C, a meta máis ambiciosa do Acordo de París, como se desprende da última actualización do *Big oil reality check* elaborado por *Oilchange*⁵.

Repsol e o resto das grandes petroleiras ignoran a necesidade urxente de diminuír aceleradamente a extracción de petróleo e outros combustíbeis fósiles para cumprir o Acordo de París. E non só é preciso renunciar a explotar novos xacementos senón tamén renunciar a extraer parte dos recursos dispoñíbeis nas explotacións xa desenvolvidas.

Repsol prevé (non persegue) que a súa produción media de hidrocarburos durante esta década sexa só un 15% inferior á de 2019. En **tan só prevé diminuír o procesamento de petróleo no conxunto das súas refinarías un 10% ao remate da presente década**, con respecto a 2019 (descoñemos calquera previsión con respecto á refinaría da Coruña en particular).

Repsol pide una transición energética más lenta y "justa"

MARIÁN FUENTES Bilbao 21 JUN. 2022 - 20:10



Noticia publicada no xornal Expansión referida a unhas declaración do presidente de Repsol, Antonio Brufao, para o que a transición enerxética “está priorizando a sustentabilidade”.

Ademais de contribuír á crise climática coas emisións de gases de invernadoiro, a actividade de Repsol está na orixe de **mareas negras** e de **emisións de contaminantes tóxicos á atmosfera** en todo o mundo. No caso de Galicia, dúas das grandes mareas negras sufridas nas nosas costas, as provocadas polos naufraxios do Urquiola (1976) e do Mar Exeo (1992), están ligadas co tráfico xerado pola refinaría de Repsol. E segundo o informe *La calidad del aire en el Estado español durante 2021* de Ecoloxistas en Acción (baseado en datos oficiais), nas estacións de medición da calidade do aire vinculadas á refinaría da Coruña superáronse as concentracións máximas recomendadas pola Organización Mundial para a Saúde (OMS) para as partículas en suspensión inferiores a 10 e a 2,5 micras (PM₁₀ e PM_{2,5}), o dióxido de nitróxeno (NO₂) e o ozono troposférico (O₃). E case se supera a relativa ao dióxido de xofre (SO₂).

Prohibir a publicidade e patrocinios de combustíbeis fósiles

Coa axuda da publicidade e de patrocinios, as compañías de combustíbeis fósiles como Repsol gañan a aceptación social e o acceso político para bloquearen a acción climática que resulta cada vez máis necesaria e urxente. Prohibir a súa publicidade e patrocinios enfraquecería a capacidade destas empresas para debilitar a loita contra a emerxencia climática.

Unha campaña a nivel europeo, [*Ban Fossil Ads*](#), tenta lograr a prohibición da publicidade e os patrocinios de compañías ligadas ao negocio fósil a través dun acto lexislativo da Comisión Europea. Como sinala a campaña, “un acto deste tipo aumentaría a sensibilización da opinión pública sobre os produtos e tecnoloxías responsábeis do cambio climático e doutros danos para o ambiente e a saúde”.

Hoxe non é posíbel legamente impedir iniciativas como o **Premio de Narrativa Breve Repsol** en lingua galega. Mais si sería posíbel **retirar o apoio e colaboración que recibe da Xunta de Galicia** e de entidades que promoven a nosa cultura: a **Academia Galega**, a **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega** e a **Editorial Galaxia**.

Tamén os **medios de información** galegos poderían negarse a aceptar a publicidade do Premio de Narrativa Breve Repsol e, en xeral, calquera outra publicidade relacionada co negocio fósil, como fixo xa o xornal inglés *The Guardian*, un medio de referencia a nivel mundial.



REFERENCIAS

¹ A Xunta e Fundación Repsol convocan a XVI edición do premio narrativa breve para fomentar a creación literaria en lingua galega. Comunicado da Xunta, 22 de xuño de 2022. [https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/70168/xunta-fundacion-repsol-convocan-xvi-edicion-premio-narrativa-breve-para-fomentar?langId=gl_ES].

² *El Banco de España detecta que el refino de petróleo dispara sus márgenes*. El País, 15 de xullo de 2022. [<https://elpais.com/economia/2022-07-15/el-banco-de-espana-detecta-que-el-refino-de-petroleo-dispara-sus-margenes.html>].

³ *Tracing anthropogenic carbon dioxide and methane emissions to fossil fuel and cement producers, 1854–2010*. Richard Geede, en *Climatic Change* 122 (2014) [<https://link.springer.com/article/10.1007/s10584-013-0986-y>]. Unha gráfica interactiva publicada no xornal *The Guardian* facilita o acceso aos datos por empresas [<https://www.theguardian.com/environment/interactive/2013/nov/20/which-fossil-fuel-companies-responsible-climate-change-interactive>].

⁴ Pode consultarse máis información sobre os grandes emisores industriais en Galicia na páxina web do Observatorio Galego da Acción Climática (OGACLI): <https://ogacli.org/grandes-emisores/>

⁵ Dispoñíbel en <https://priceofoil.org/2022/05/24/big-oil-reality-check-2022/>. Na páxina web do OGACLI pode lerse unha noticia ao respecto: <https://ogacli.org/2022/06/16/a-estratexia-climatica-de-repsol-non-cumpre-o-acordo-de-paris/>